

1. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O ESTABLECIMENTO DE ÓPTICA FEDERÓPTICOS NICOLÁS PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE PREVENCIÓN DOS PROBLEMAS VISUAIS. (741.21)
2. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E ÓPTICA SILVA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE PREVENCIÓN DOS PROBLEMAS VISUAIS. (812.21)
3. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A GAFA DE RIBADAVIA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE PREVENCIÓN DOS PROBLEMAS VISUAIS. (350.22)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

- Que o presidente do Servizo Galego de Saúde formalizou o día 04.05.2023 coa persoa titular dos citados establecementos de óptica os instrumentos convencionais anteriormente referidos por un período de vixencia de catro anos.
- Que os instrumentos convencionais teñen por obxecto establecer as bases da colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o establecemento de óptica citado para a prevención de problemas visuais e promoción da visión, en beneficio de todas as persoas usuarias do Sistema Sanitario Público de Galicia.

As persoas usuarias do Servizo Galego de Saúde maiores de 5 anos, por iniciativa propia, poderán acudir ao establecemento de óptica a solicitar unha revisión en base ás actividades establecidas no convenio e consistentes en 1º) a avaliación do estado refractivo/agudeza visual mediante probas optométricas; e 2º) a realización das seguintes probas complementarias: medición da reacción pupilar, medición da habilidade de fusión plana a través do test de Worth, cuantificación da integridade do campo visual correspondente á

rexión macular mediante o test da Reixa de Amsler, proba da cor, transparencia de medios, proba de covertest e motilidade ocular

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.
- Que os instrumentos convencionais se fundamentan en facilitar unha mellor resposta aos problemas de saúde oftalmolóxica da poboación.
- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura dos instrumentos convencionais referidos, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

